

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA  
DE MONTAÑA DE REGULARIDADE SPORT 2019



**D. JOSE L. MOSQUERA / D. RUBEN ALONSO  
CAMPIONS DE GALICIA DE MONTAÑA  
REGULARIDADE SPORT 80 KM/H.**



**REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA  
DE MONTAÑA DE REGULARIDADE SPORT 2019**

**Vehículos Admitidos.** Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos ( barras, buckets, arneses, extinción ) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido.

Estos vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüidade o inicio da tempada 2019.

Nos vehículos de serie, obligarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obligatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.).

Nos vehículos de competición(Tipo A), ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, buckets, arco de seguridade, equipo de extinción e arneses. Nembargantes é obrigatorio o uso de roupa inífuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

**Participantes Admitidos.** Cada equipo comporase de piloto, copiloto e asistencia, tendo en que ser o piloto maior de idade e estar en posesión de carnet en vigor, así como estar en posesión das licencias federativas correspondentes de acorde o Anexo I do Anuario da FGA. O copiloto nos casos de minoría de idade terán que ter autorización paterna o do titor legal con recoñecemento de firma e selo bancario.

**Inscricións.** Os dereitos de inscrición fíxanse en:

.- 125 € aceptando a publicidade facultativa proposta polo Organizador.

.- 250 €. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado anterior).

A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, dacordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

**Verificacións.** Os equipos participantes deberán superar unhas verificacións, tanto técnicas como administrativas, previas ó inicio das probas e onde o hoario e o lugar indicárase no regulamento particular da proba.

Nas verificacións administrativas comprobarase a vixencia tanto da ITV, como do seguro e o carnet de conducir do piloto.

Nas verificacións técnicas comprobaranse as medidas de seguridade esixidas para o Campionato, así como o estado xeral do vehículo.

**Orde de saída.** A cada equipo asignaráselle un número de competición, que na pri-



meira proba será a criterio da Organización e a partir desta será polo orde da clasificación xeral do Campionato. Os primeiros na orde serían os equipos inscritos en regularidade sport tipo A e a continuación os equipos inscritos en regularidad a 50 km/h. tipo B.

A organización resérvase o dereito de alterar a orde de saída en base ó palmarés histórico que poda ter algún equipo inscrito nalgunha das probas.

**Treito de calibración.** O treito de calibración é desde a saída a chegada do treito da subida.

**Formato das probas.** As modalidades de regularidade "50" e "80" farán a media de 50 Km/h. e de 80 km/h. fixa en tódalas probas. Os vehículos da especialidade de regularidade que se dediquen a velocidade extrema, ou a conducción inadecuada, poderán ser excluídos do meeting. A reiteración en dúas probas conlevará apertura de expediente disciplinario e recusación de inscricións.

Regularidade a 50km/h (Tipo B): Imponse unha velocidade media dos participantes de 50km/h. Estableceranse controis horarios de saída e chegada. A penalización aplicada será de 1 punto por cada milésima de segundo de diferenza entre a hora real de paso e a hora teórica. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.

Regularidade Sport (Tipo A): Velocidade media de 80km/h. As penalizacións serán as mesmas que en Regularidade a 50km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.

Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómase o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. Poderanse montar controis secretos ó longo do treito, no lugar que se decida antes do inicio da mesma (designado polo colexio de Comisarios Deportivos), mediante cronómetro. Dito controlador emitirá informe ó colexio de Comisarios Deportivos para a toma de decisións necesarias ó respecto según o regulamento.

No caso por saída de pista dun participante, se paren participantes na pista, a estes poráselle o tempo da súa pasada anterior, se existise. De ser a primeira manga, descartaríase para tódolos participantes. De ter que anular a manga, a criterio do colexio de Comisarios Deportivos, tódolos participantes que non finalencen a mesma, ou non tomen a saída por esta decisión, o colexio de Comisarios Deportivos asignaralles o tempo da súa pasada anterior, agás o participante que cause a interrupción.

Todo aquel vehículo que teña unha saída de pista e obstaculice a mesma, será sancionado con 10 minutos ademáis dos adquiridos por non pasar polos controis restantes. (A reiteración do mesma situación polo mesmo participante, conlevará a exclusión do meeting) a tódolos efectos.

A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo. Non pasar un control 10 minutos de penalización. Facer o percorrido 10 segundos máis rápido do tempo estimado será exclusión da proba. Non sair nunha manga 10 minutos de penalización por control.

O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das



seis ascensións (sábado e domingo).

A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismos/Carrozados de velocidade.

Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumplimento deliberado-intencionado no bó desenrolo da proba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador.

**Desempate.** En caso de empate nas probas de regularidade con velocidades medias impostas, será gañador o que menor penalización obteña, de persistir o empate continuarase co que fixera o mellor tempo na primeira manga da proba en que se participe.

**Puntuabilidade.** Serán probas puntuables as do calendario do Campionato Galego de Montaña, tendo dúas clasificacións independentes, unha de pilotos e copilotos, para cada campionato (80 kms Tipo A, e 50kms Tipo B).

A hora de elaborar a clasificación final será primeiro o que menos penalización-puntuación teña. As puntuacións asinadas os participantes en cada proba serán os seguintes:

A) Despois de cada proba puntuable e para cada unha das clases, serán atribuídos uns puntos ós conductores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

B) Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch:

1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
25	20	15	12	10	8	6	4	2	1

Os puntos obtidos dacordo co indicado nos apartados A e B, serán acumulados e o seu total multiplicado polo coeficiente da proba considerada.

En caso de empate a hora de elaborar a clasificación final, gañaría o que tivera mellores resultados ó largo da tempada. En caso de que o empate persistiría, gañaría o vehículo máis antigo.

Para o computo total de resultados contarían tódalas probas celebrada menos unha. Para aparecer na clasificación final terase que participar alomenos na metade das probas celebradas máis unha.

### CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA MONTAÑA.

DATA	PROBA	COEF.	ESCUDEFÍA
30/31-03-2019	1ª SUBIDA A MARIN	7	TORRES COMPETICION
04/05-05-2019	12ª SUBIDA A STA. Mª. DE OIA	7	BM
01/02-06-2019	1ª SUBIDA A DUMBRIA	7	SENRA SPORT
06/07-07-2019	8ª SUBIDA A PONTENOVA	8	A PONTENOVA
20/21-07-2019	22ª SUBIDA A PONTEVEDRA-ALMOFREI	8	CIDADE DE PONTEVEDRA
03/04-08-2019	4ª SUBIDA A PONTECALDELAS	7	BUXA MOTOR POIO
24/25-08-2019	6ª SUBIDA XUNQUEIRA DE AMBIA	7	XUNQUEIRA DE AMBIA



14/15-09-2019	20ª SUBIDA A ESCUSA	8	BUXA MOTOR POIO
05/06-10-2019	24ª SUBIDA A ESTRADA	8	ESTRADENSE

(\*) E as que designe a Comisión de Montaña.

**Clases:** Establecerase unha clasificación por clases:

Clase 1: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada ata 1.600cc.

Clase 2: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada dende 1.601cc.

Clase 3: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada ata 1.600cc

Clase 4: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada dende 1.601cc

Clase 5: Vehículos desde 01/01/1981 tódalas cilindradas.

Unha clase considerase constituída coa participación dun só vehículo.

Para os vehículos equipados con turbo e a efectos da súa integración nas distintas clases, a súa cilindrada efectiva será multiplicada por 1.7.

**PREMIOS POR PROBA.** Os premios e trofeos que se entregarán serán os seguintes:

**De 6 ata 9 participantes:**

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

Regularidade 50 quilómetros/h. tipo B

1º 150 € e Trofeo

2º 100 € e Trofeo

3º 50 € e Trofeo

**de 10 a 19 participantes:**

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

Regularidade 50 quilómetros/h. tipo B

1º 200 € e Trofeo

2º 150 € e Trofeo

3º 100 € e Trofeo

4º 50 €

**Con 20 ou máis participantes:**

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

Regularidade 50 quilómetros/h. tipo B

1º 350 € e Trofeo

2º 300 € e Trofeo

3º 200 € e Trofeo

4º 100 €

5º 50 €

En todas las probas entregarase un trofeo ó primeiro de cada clase.

**Premios finais do Campionato.**

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA REGULARIDADE SPORT 80KM/H. TIPO A.

Campión Trofeo de Bronce F.G.A.

Sub-Campión Trofeo de Bronce F.G.A.

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA REGULARIDADE 50KM/H. TIPO B.

Campión Trofeo de Bronce F.G.A.

Sub-Campión Trofeo de Bronce F.G.A.

